



Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao na Universidade da Coruña

**Documento aprobado no Consello de
Goberno de 23-11-2007**

Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao

Unha vez publicado o RD 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación do ensino universitario oficial, e o documento do Consello Galego de Universidades sobre as liñas xerais para a implantación dos títulos de grao e posgrao no SUG, cómpre iniciar o proceso de adaptación dos títulos de 1.º e 2.º ciclo ao EEES na UDC. Este proceso comeza aínda con algunhas incertezas mais o axustado dos prazos non permite demoras excesivas. Procede, polo tanto, iniciar o proceso de elaboración de propostas de transformación dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao.

A Universidade da Coruña realiza este proceso de transformación con tres ideas básicas:

1. Transformación de todos os títulos existentes de 1.º e 2.º ciclo en graos, de xeito que a UDC poida configurar unha oferta acorde co seu perfil e coherente co nivel de posgrao.
2. Colaboración no marco do SUG para consensuar posibles solucións para as titulacións cuxa transformación presente dificultades, sempre desde o respecto prioritario dos intereses lexítimos da UDC.
3. Definir entre o ano 2008 e 2009 o tipo de titulacións, novas na UDC e no SUG, que sería razoable integrar cando for posible para completar o perfil da nosa universidade.

A Universidade da Coruña afrontará este proceso en dúas fases básicas: unha primeira experimental, pactada entre as universidades do SUG e a Consellería de Educación, en que se implantarán só algunhas titulacións con carácter experimental (as propostas destes títulos terán como límite de presentación o establecido no RD que guía este proceso) e unha segunda en que irán os títulos restantes. Esta segunda fase refírese a titulacións que comezarán no curso 2009-2010. No que atinxe á fase experimental, as universidades do SUG seleccionarán as titulacións que se van transformar de entre as que son únicas no SUG e teñen unha viabilidade garantizada. Isto debe permitir un inicio colaborativo do proceso entre as tres universidades galegas e a propia Consellería de Educación.

O seguinte procedemento e o calendario refírense á segunda fase, xa que a primeira terá que se desenvolver negociadamente co/s centro/s implicados e coa máxima flexibilidade posible, mais respectando o procedemento que se establece

máis adiante e tratando de o axustar ao calendario que figura no ANEXO A deste documento.

A Universidade da Coruña, de acordo coas outras universidades do SUG, disporá dunha comisión asesora externa por rama de coñecemento, proposta pola ACSUG, coa finalidade de orientar os centros, a Comisión de Planos de Estudo, o Consello de Dirección, o Consello de Goberno e o Consello Social da Universidade en todos aqueles aspectos que poidan necesitar durante o proceso de elaboración e aprobación dos títulos. Esta comisión estará formada por especialistas da rama de coñecemento con formación suficiente nos procesos de verificación establecidos polo MEC e por ANECA.

Previo ao inicio do proceso, o Consello de Dirección manterá as reunións necesarias cos equipos de dirección dos centros (por ramas de coñecemento) co fin de presentar este documento e de os orientar no posible cara á proposta de títulos e planos de estudo que terán que facer no seu centro.

Propostas de título e denominación

1. Os decanos/directores dos centros remitiranlle á presidenta da Comisión de Planos de Estudo, antes do 28 de febreiro de 2008, a proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao. A dita proposta conterà exclusivamente a denominación do título seguindo as directrices actuais do Ministerio de Educación e Ciencia e da Consellería de Educación e deberá contar coa aprobación da Xunta de Centro.

2. A Comisión de Planos de Estudo remitirá esta documentación ao Consello de Dirección da Universidade cun informe sobre a racionalidade das propostas recibidas, coa súa adecuación ou non aos criterios coñecidos sobre as directrices para a elaboración destes títulos e coas valoracións que estimen oportunas sobre a viabilidade e a oportunidade das propostas recibidas. Este informe estará en posesión do Consello de Dirección antes do 15 de marzo.

3. O Consello de Dirección presentarlle ao Consello de Goberno da Universidade, baseándose no informe anterior, a proposta de novos títulos de grao cuxos planos de estudo terán que ser elaborados polos centros correspondentes. Caso de que dous centros propuxesen a conversión dos títulos vixentes nos mesmos títulos de grao, o Consello de Goberno nomeará, por proposta do Consello de Dirección, unha comisión redactora do título ou dos títulos afectados. Desta comisión formarán

parte cando menos os directores ou os decanos dos centros afectados (ou as persoas en quen delegar).

A proposta global da Universidade será presentada ao Consello de Goberno para a súa aprobación antes do 15 de abril de 2008.

Elaboración dos títulos de grao

4. Cada centro encargará a elaboración do plano de estudos a unha comisión redactora. Esta actuará por delegación da Xunta de Centro e nela garantirase que serán valoradas as achegas de todos os departamentos e áreas de coñecemento implicados na actualidade nos planos de estudo de 1.º e 2.º ciclo.

A comisión estará composta cando menos por:

1. o/a decano/a ou director/a do centro, ou persoa en quen delegar
2. o/a secretario/a do centro que levantará acta das reunións.
3. un/unha representante por cada departamento adscrito ao centro e con docencia no título.
4. un/unha representante dos departamentos con docencia no centro mais non adscrito a el.
5. dous representantes dos estudantes en Xunta de Centro.
6. un/unha PAS.

Correponderá ao decano convocar aos directores dos departamentos adscritos e non adscritos, así como aos representantes de estudantes e PAS para que procedan a elixir aos seus representantes na comisión. No caso de se modificar a composición da comisión nalgún dos sectores mencionados dita modificación será sometida a aprobación pola Xunta do Centro e ratificada pola comisión de Planos de Estudo.

Esta comisión elaborará o borrador de título co seu plano de estudos, para a súa aprobación pola Xunta de Centro antes do 30 de setembro de 2008. Este borrador redactarase considerando a documentación oficial existente e responderá axeitadamente aos criterios de verificación establecidos polo MEC e pola ANECA.

A Comisión Redactora, ou a que determine a Xunta de Centro, elaborará, xunto coa proposta do título, un informe sobre o custo da transformación. Este informe ten que recoller en paralelo os recursos dispoñibles e os considerados necesarios. Na medida en que os recursos do centro poidan estar comprometidos pola existencia

de POP, a Comisión farao constar detallando o modo en que están asignados os recursos. No caso do grao, os recursos deberán estar obxectivamente xustificadas e relacionados coa proposta elaborada e referiranse tanto ás necesidades de persoal (PDI e PAS) como de asistencia técnica, infraestruturas, materiais, recursos bibliográficos etc. Este informe é básico para coñecer o custo total que a implantación do grao terá para a UDC e para planificar o financiamento da transformación.

Para a elaboración da proposta de título, os centros terán en conta o seguinte:

- A transformación dos actuais títulos en graos irá encamiñada a proporcionar estudos de calidade, con atención personalizada e orientación titorial ao longo da carreira e coas máximas garantías de inserción laboral.
- A carga docente presencial nos planos de estudo será compatible co que establece o punto anterior e co aproveitamento da RPT de PDI da Universidade. A Vicerreitoría de Profesorado redactará antes do 28 de febreiro de 2008 as normas para a elaboración do POD, para a solicitude de prazas, para o cómputo da actividade docente (presencial e titorial) e para a cobertura de prazas potenciais axustadas a neste novo contexto. En calquera caso, os centros poderán optar por vincular as materias ás áreas de coñecemento existentes, sinalando cales consideran áreas afíns para impartir esa materia, ou ben por estableceren un procedemento para asignaren profesorado ás materias propostas. Neste último caso, o procedemento aprobado pola Xunta de Centro debe remitirse á Vicerreitoría de Profesorado, que o deberá autorizar, co visto e prace da COAP, antes do 15 de abril de 2008.
- O plano de estudos terá que conter cando menos catro materias das consideradas básicas no RD, que se distribuirán entre 1.º e 2.º curso cun mínimo de 6 créditos ECTS cada unha. No resto dos casos non poderán existir asignaturas con menos de 3 créditos ECTS, se ben recoméndase o uso de 4,5 créditos ECTS tanto para asignaturas obrigatorias como optativas.
- A Comisión de Planos de Estudo da Universidade velará polo cumprimento da función que teñen os 60 créditos de materias comúns fixados polo Real Decreto, especialmente no relativo aos 36 créditos de materias vinculadas. A Comisión de Planos de Estudo poderá propoñer a creación dunda comisión por cada rama de coñecemento para a coordinación das materias básicas, cuxa composición e procedemento de elección aprobará o Consello de Goberno da Universidade.
- A totalidade das optativas que se deben cursar para acadar o título de grao non poderá superar o 15% dos 240 créditos da titulación e a oferta máxima no plano de estudos non superará os 276 créditos ECTS.

- Toda a información necesaria será introducida a través da aplicación web que a Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea habilitará, de acordo coa ACSUG, antes do 31 de decembro de 2007.

- De existir un centro oficial e un centro adscrito que imparten o mesmo título será o centro oficial quen faga a proposta da Universidade. Na Comisión de Redacción deberá estar representada a dirección e o profesorado do centro adscrito (con alomenos dous/dúas profesores/as). No caso da titulación de Turismo, a Universidade nomeará unha comisión redactora mixta.

- Os equipos directivos dos centros poderán ser chamados ao longo do proceso para manteren reunións conxuntas cos centros do SUG que impartan títulos semellantes se así o considerar necesario o Consello de Dirección.

6. O mes de outubro de 2008 considerarase habilitado para a difusión pública da proposta de plano de estudos e para audiencia pública. O centro publicaraos na súa web garantindo que os departamentos adscritos e non adscritos ao centro que estiveron implicados na docencia dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo reciben por escrito a documentación correspondente. A dirección do centro garantizará, así mesmo, que os colexios profesionais ou outros axentes sociais potencialmente implicados reciban a proposta e coñezan o procedemento e o prazo para achegaren contribucións ou suxestións.

7. Unha vez finalizado o prazo de alegacións e logo de incorporar as que consideren oportunas, o título e o plano de estudos definitivo serán sometidos á aprobación da Xunta de Centro. A proposta, xunto coas alegacións recibidas, será remitida antes do 15 de novembro á Comisión de Planos de Estudo para a súa aprobación e tramitación polo Consello de Goberno. A Comisión de Planos de Estudo poderá solicitar do centro a realización das modificacións que considere axustadas á lei e á normativa vixente. O centro disporá dun prazo de 15 días para incorporar as ditas modificacións e remítalas de novo á Comisión de Planos de Estudo. De non estar de acordo, farao constar razoadamente para que o Consello de Goberno decida sobre o particular.

Aprobación dos títulos e planos de estudo

8. As propostas de planos de estudo dos títulos de grao serán aprobadas polo Consello de Goberno antes do 15 de decembro de 2008.

Calendario e procedemento para a elaboración, aprobación e implantación de títulos de grao para o curso 2009/2010

Fase	Acción	Órg. responsable	Contido/observación	Prazos
Propostas de título e denominación	1. Elaboración da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao	O centro	<ul style="list-style-type: none"> Denominación do título seguindo as directrices actuais do Ministerio e da Consellería de Educación 	Antes do 28 de febreiro de 2008
	2 Aprobación da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao	Xunta de Centro		
	3 Remisión da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao á presidenta da Comisión de Planos de Estudo	Decanos/as e directores/as de centro		
	4. Remisión da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao ao Consello de Dirección da Universidade	Comisión de Planos de Estudo da Universidade	<ul style="list-style-type: none"> Proposta aprobada polos centros Un informe sobre: <ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade das propostas recibidas. - A súa adecuación ou non aos criterios coñecidos sobre as directrices para a elaboración destes títulos. - As valoracións que estimen oportunas sobre a viabilidade e a oportunidade das propostas recibidas. 	Antes do 15 de marzo de 2008
	5. Presentación da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao ao Consello de Goberno da Universidade	Consello de Dirección	<ul style="list-style-type: none"> Denominación e planos de estudo elaborados polos centros correspondentes 	Antes do 15 de abril de 2008
Elaboración dos títulos	6. Elaboración do plano de estudos e do informe sobre o custo da transformación	Comisión Redactora da Xunta de Centro	<ul style="list-style-type: none"> Borrador do título co seu plano de estudos (segundo a documentación oficial existente e responderá axeitadamente aos criterios de verificación establecidos polo MEC e por ANECA). Informe sobre o custo da transformación 	Antes do 30 de setembro de 2008
	7. Aprobación do plano de estudos e do informe sobre o custo da transformación	Xunta de Centro		
	8 Difusión pública na web do centro da proposta de plano de estudos.	A dirección do centro	<ul style="list-style-type: none"> Garantir a recepción por escrito da documentación para contribucións aos órganos implicados na docencia: <ul style="list-style-type: none"> - departamentos - colexios profesionais e axentes sociais. 	Durante o mes de outubro de 2008
	9. Audiencia pública e alegacións			
	10 Aprobación da proposta do plano de estudos e alegacións	Xunta de Centro		Antes do 15 de novembro de 2008
	11. Remisión da proposta do plano de estudos e alegacións á Comisión de Planos de Estudo			
Aprobación de títulos e planos de estudo	12. Aprobación da proposta do plano de estudos	Consello de Goberno		Antes do 15 de decembro de 2008

Implantación: curso 2009-2010

Outras datas de interese:

Até o 30 de novembro de 2007: contactos previos coas direccións dos centros por ramas de coñecemento

Antes do 31 de decembro de 2007: aplicación web para a introdución das propostas de títulos de grao

ANEXO A

Calendario e procedemento para a elaboración, aprobación e implantación de títulos de grao na primeira convocatoria:

Fase	Acción	Órg. responsable	Contido/observación	Tempo
Propostas de título e denominación	1. Elaboración da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao	O centro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Denominación do título seguindo as directrices actuais do Ministerio e da Consellería de Educación 	Non require prazo
	2 Aprobación da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao	Xunta de Centro		
	3 Remisión da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao á presidenta da Comisión de Planos de Estudo	Decanos/as e directores/as de centro		
	4. Remisión da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao ao Consello de Dirección da Universidade	Comisión de Planos de Estudo da Universidade	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proposta aprobada polos centros ▪ Un informe sobre: <ul style="list-style-type: none"> - A racionalidade das propostas recibidas. - A súa adecuación ou non aos criterios coñecidos sobre as directrices para a elaboración destes títulos. - As valoracións que estimes oportunas sobre a viabilidade e oportunidade das propostas recibidas. 	Non require prazo
	5. Presentación da proposta de conversión dos actuais títulos de 1.º e 2.º ciclo en títulos de grao ao Consello de Goberno da Universidade	Consello de Dirección	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Denominación proposta polos centros correspondentes. 	Antes do 15 de decembro
Elaboración dos títulos	6. Elaboración do plano de estudos, do informe sobre o custo da transformación e do procedemento para a asignación da docencia , de ser o caso	Comisión Redactora e Xunta de Centro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Borrador do título co seu plano de estudos (segundo a documentación oficial existente e responderá axeitadamente aos criterios de verificación establecidos polo MEC e por ANECA). ▪ Informe sobre o custo da transformación 	Até o 15 de xaneiro de 2008
	7. Aprobación do plano de estudos e do informe sobre o custo da transformación.	Xunta de Centro		
	8. Difusión pública na web do centro da proposta de plano de estudos	A dirección do centro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Garantir a recepción por escrito da documentación para contribucións aos órganos implicados na docencia: departamentos - colexios profesionais e axentes sociais. 	Do 15 ao 30 de xaneiro de 2008
	9. Audiencia pública e alegacións			
	10. Aprobación da proposta do plano de estudos e alegacións	Xunta de Centro		Até o 7 de febreiro de 2008
11. Remisión da proposta do plano de estudos e alegacións á Comisión de Planos de Estudo				
Aprobación de títulos e planos de estudo	12. Aprobación da proposta do plano de estudos	Consello de Goberno		Antes do 15 de febreiro de 2008

Implantación: curso 2008-2009